

AXUDAS PARA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DOS ESTABLECIMENTOS TURÍSTICOS DE ALOXAMENTO E DE RESTAURACIÓN. AXENCIA TURISMO DE GALICIA

Obxecto:

Mellora da infraestrutura turística mediante a incentivación para a mellora das infraestruturas dos establecementos de aloxamento turístico e de restauración da Comunidade Autónoma de Galicia (TU503A).

Destinatarios:

- Os establecementos hoteleiros, campamentos de turismo, establecementos de turismo rural, apartamentos turísticos e albergues turístico..
- As empresas de restauración que se enmarquen dentro do grupo I do artigo 77 da Lei 7/2011, do 27 de outubro de turismo de Galicia.

Requisitos:

- Deberá acreditarse, por calquera título válido en dereito, a propiedade dos inmobilés ou predios obxecto da actuación ou calquera outro dereito que autorice o beneficiario á realización do investimento subvencionado e que permita, igualmente, a explotación do establecemento durante todo o prazo de duración da obriga de manter a actividade .
- Deberá acreditarse unha antigüidade da actividade turística de aloxamento e restauración no establecemento para o cal se solicita a subvención non inferior á 5 anos á data de solicitude da axuda (tanto da actividade como do establecemento).

Prazo presentación solicitude:

Remata o 7 de marzo de 2022.

DOG: Nº 25 de 7 de febreiro.

RESOLUCIÓN do 17 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para actuacións de mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e de restauración da Comunidade Autónoma de Galicia, e se establece a súa convocatoria para o ano 2022 (**código de procedemento TU503A**).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220207/AnuncioG0256-180122-0001_es.pdf.